

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE ESTABLECEN OS REQUISITOS XERAIS PARA O
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE DO AVIVEIRAMENTO E SE CREA O DOCUMENTO DE
DECLARACIÓN DE CAPTURAS NON DESEMBARCADAS PARA DETERMINADAS ESPECIES DE
CRUSTACEOS.**

ANTECEDENTES

Con carácter xeral, a costume constitúe un modelo de conduta observado reiteradamente nunha comunidade que, de acordo co ambiente social no que nace e se desenvolve, obriga aos membros de dita comunidade a cumprila. Para o caso que nos ocupa, que non é outro que o feito de cubrir o baleiro producido por un caso particular, coñecido popularmente como "aviveiramento", a costume non debe ser contraria á moral ou ao orde público, e necesita ser probada. Por outra parte, aqueles usos que non sexan meramente interpretativos dunha declaración de vontade poder ter a consideración de costume.

Á vista do anterior, os usos e costumes particulares acaecidos nos diferentes Estados membros da Unión Europea (UE), poden crear necesidades específicas nun determinado territorio e/ou rexión sen que tales circunstancias se produzan noutros territorios e/ou rexións. É por este motivo que, tanto a normativa comunitaria como a nacional de cada Estado membro non pode tratar en modo detallado estes casos particulares, debido a que non terían un debido interese no resto dos Estados membros da UE ou incluso no resto dun Estado, polo que deben ser resoltas a nivel local e/ou rexional.

Dentro deste contexto, na Comunidade Autónoma de Galicia estase a producir un destes casos particulares que constitúe unha práctica ou uso reiterado no tempo que non é contraria á Lei nin á orde pública, que se pode considerar probada e que pode revestir a forma de "extra legem" ao atender unha materia que non foi regulada pola Lei. Polo tanto, este caso particular consiste en diversos puntos da costa galega, determinadas especies, cuxo valor á hora da comercialización depende de que estean vivas, non son desembarcadas e se manteñen fondeadas ata que son levadas á lonxa no momento da poxa, permitindo deste modo que estas especies cheguen ao momento de venda vivos e en óptimas condicións.

As especies afectadas por estas prácticas son fundamentalmente o camarón, a nécora, a centola, o boi, o lumbrigante e o santiaguiño. Para o desenvolvemento destas prácticas, o lugar no que se manteñen as ditas especies pode ser a propia borda da embarcación ou calquera outro lugar determinado identificado e marcado mediante unha boia ou cun artefacto similar. O período no que se manteñen mergulladas as capturas das especies sinaladas varía segundo as localidades, podendo ser dende unhas horas en espera do momento da poxa a varios días en función da previsión dos prezos, ou tamén para xuntar unha cantidade suficiente que compense ao produtor o seu traslado á lonxa.

CONSIDERACIÓN LEGAIS E TÉCNICAS

A normativa relacionada con esta actividade, a nivel comunitario, está basicamente constituída polo Regulamento (CE) No 1224/2009 do Consello, de 20 de novembro de 2009, polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da política pesqueira común, se modifican os Regulamentos (CE) No 847/96, (CE) No 2371/2002, (CE) No 811/2004, (CE) No 768/2005, (CE) No 2115/2005, (CE) No 2166/2005, (CE) No 388/2006, (CE) No 509/2007, (CE) No 676/2007, (CE) No 1098/2007, (CE) No 1300/2008 e (CE) No 342/2008 e se derrogan os Regulamentos (CEE) No 2847/93, (CE) No 1627/94 e (CE) No 1966/2006, e o Regulamento de Execución (UE) No 404/2011 da Comisión do 8 de abril de 2011 que establece as normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) No 1224/2009 do Consello polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da política pesqueira común.

A nivel nacional o Real Decreto 418/2015, do 29 de maio, polo que se regula a primeira venda dos produtos pesqueiros. E a nivel autonómico está o Decreto 419/1993 do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco, e a Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula o control da descarga e do transporte dos produtos pesqueiros frescos ata a fase de primeira venda e o transporte de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos.

A normativa relacionada anteriormente contempla os documentos específicos para as operacións que se realizan unha vez que as capturas están desembarcadas e aínda non foron vendidas. Neste caso, nos referimos ao documento de trasporte e á declaración de recollida. A súa vez, a dita normativa tamén recolle, mediante o caderno diario de pesca, como se deben rexistrar as capturas realizadas durante unha marea e as cantidades desembarcadas ou transbordadas. Este caderno estará en formato electrónico para os buques de mais de 12 metros de eslora total e en papel para os superiores a 10 metros. Os buques de menos de 10 metros non teñen a obriga de levar o caderno diario de pesca.

Ademais, as capturas non desembarcadas son tratadas de diferente maneira en función do tipo de caderno diario de pesca que deba dispor a embarcación. Así, os barcos que disponen de diario electrónico deberán realizar unha declaración de desembarque no propio diario, incorporando as capturas non desembarcadas á seguinte marea do barco. Nos barcos con diario en papel non se indica claramente como proceder nestes casos, e nos barcos que non teñen a obriga de levar diario de pesca é unha práctica que queda sen regular de forma específica. A este respecto, o artigo 25 do Regulamento (CE) No 1224/2009 do Consello, de 20 de novembro de 2009, establece que para os buques exentos deste requisito, o control do desembarque realizarase mediante a nota de venda. A vez, o artigo 30.3 do dito regulamento europeo, establece que "Aos efectos do presente artigo, os traslados de peixe, as actividades de arrastre en parella e as operacións pesqueiras que supoñan a intervención conjunta de dous ou máis buques pesqueiros comunitarios non se considerarán operacións de transbordo".

Por outra parte, o artigo 14 do dito Regulamento (CE) No 1224/2009 do Consello, de 20 de novembro de 2009, relativo ao encheimento e presentación do caderno diario de pesca, establece no seu apartado terceiro: "A marxe de tolerancia autorizada nas estimacións anotadas no caderno diario de pesca dos quilogramos de peixe transportados a bordo será do 10% para todas as especies". Esta marxe podería ser usada para as estimacións anotadas no documento de declaración de capturas non desembarcadas

A súa vez, a definición de "traslado" contemplada no punto 29 do artigo 4 do dito Regulamento (CE) No 1224/2009, sinala que "as operacións de pesca nas que as capturas, ou unha parte, son transferidas ou trasladadas de artes de pesca compartidas a un buque, ou da bodega dun buque ou as súas artes de pesca a unha rede de contención, un contedor ou unha gaiola fora do buque onde as capturas se manteñan vivas ata o seu desembarque".

Polo tanto, a situación específica coa que nos atopamos, indica que as capturas non desembarcadas e mantidas vivas fora do barco enténdese contemplada na normativa en vigor, pero, sen embargo, os lexisladores non consideraron a necesidade de crear un documento específico de control para esta casuística que podería denominarse "declaración de capturas non desembarcadas".

Á vista do anterior, en Galicia a creación dun documento para esta actividade é unha vella reclamación do sector, xa que a maior parte das embarcacións que realizan as capturas destas especies son embarcacións de artes menores de menos de 10 metros de eslora total que non teñen a obriga de levar un caderno diario de pesca e tan só poden documentar as capturas unha vez que as descargan. Ao respecto, cómpre sinalar que na actualidade a frota galega de artes menores consta de 3.758 embarcación, das cales 3.618 teñen unha eslora inferior aos 12 metros, e 3.439 inferior a 10 metros.

Por último, en tanto en canto non se estableza unha disposición regulamentaria que regule os requisitos para a declaración de capturas non desembarcadas, cómpre materializar de forma transitoria as condicións e o documento "*declaración de capturas non desembarcadas*", co fin de cubrir o baleiro producido por este caso particular, coñecido popularmente como "aviveiramento", e garantir, deste modo, unha ordenación desta actividade que outorgue aos pescadores afectados e ao resto dos operadores que interveñen en todo este proceso de aviveiramento as pautas reguladoras mínimas que se producen entre o momento do almacenamento das especies capturadas e o desembarque destas.

Por todo o indicado, e unha vez vistas as peticións do sector afectado, esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica,

RESOLVE:

PRIMEIRO. *Obxecto e finalidade*

A presente Resolución ten por obxecto establecer os requisitos xerais para o desenvolvemento da actividade relacionada co aviveiramento, á vez que crea e establece a información mínima do documento de declaración de capturas non desembarcadas para as seguintes especies de crustáceos: centola, nécora, boi, camarón, lumbrigante e santiaguiño.

Mentres non se estableza unha disposición regulamentaria con rango superior a esta Resolución, que regule a actividade do aviveiramento na Comunidade Autónoma de Galicia, a presente Resolución ten por finalidade cubrir e ordenar o baleiro existente neste caso particular, outorgando aos pescadores afectados e ao resto dos operadores que interveñen en todo este proceso de aviveiramento, as pautas reguladoras mínimas que transcorren entre o momento do almacenamento para o aviveiramento e o desembarque destas para a súa venda.

SEGUNDO. *Requisitos xerais da actividade de aviveiramento*

A actividade derivada das operacións do aviveiramento estará suxeita ao cumprimento dos seguintes requisitos:

1º. Cada armador/a ou patrón/patroa realizará o almacenamento das capturas nun lugar concreto debidamente amarrado ao buque ou, cando proceda, noutro lugar diferente a este, para o que deberá quedar correctamente identificado mediante unha boia ou artefacto similar no que consten, ben visibles, as marcas externas da embarcación que realiza o aviveiramento.

2º. A duración do almacenamento non poderá ser superior a 5 días. O almacenamento das especies para o seu aviveiramento, determinará o momento a partires do cal se comezan a contar os cinco días permitidos. Unha vez realizada a operación de aviveiramento e emitido o correspondente documento de declaración de capturas non desembarcadas, non se poderá modificar o lugar de aviveiramento.

3º. O número máximo de documentos expedidos por embarcación será de cinco, mentres que o número máximo de documentos expedidos por día e embarcación será de un. Polo tanto, no caso de necesitar incorporar novos documentos, e co fin de non superar o número máximo dos cinco autorizados, o/a armador/a ou patrón/patroa deberá facer constar na aplicación facilitada pola Consellería do Mar, a descarga, para o seu traslado á lonxa, dos lotes dalgún dos documentos anteriormente expedidos.

4º. No momento en que o/a armador/a ou o/a patrón/patroa decida retirar as especies aviveiradas para a súa venda, deberá rexistrar a finalización do almacenamento no documento que corresponda. A súa vez, o dito rexistro de finalización do almacenamento deberá estar

debidamente relacionado coa nota da primeira venda. Unha vez realizado o desembarque das especies aviveiradas para a súa venda en lonxa, non se poderá volver a aviveirar.

5º. Tan so estarán permitidas para o seu almacenamento as seguintes especies de crustáceos: centola, nécora, boi, camarón, lumbrigante e santiaguiño.

6º. A marxe de tolerancia autorizada nas estimacións anotadas no documento de declaración de capturas non desembarcadas será do 10% para todas as especies enumeradas nesta resolución.

7º. O documento de declaración de capturas non desembarcadas será emitido utilizando a aplicación específicamente deseñada pola Consellería do Mar. Estes documentos serán válidos en formato electrónico, sen que sexa necesario a súa impresión en papel, e estarán ao dispor da Administración pesqueira para os efectos da correspondente verificación dos mesmos.

8º. A persoa responsable da expedición do documento, así como aquelas relacionadas coas operacións de aviveiramento recollidas nesta resolución, será o/a armador/a ou o/a patrón/patroa do barco. Non obstante, o/a armador/a será responsable ademais, dos artefactos usados no aviveiramento, da perda ou roubo das especies aviveiradas, e de que os lugares de aviveiramento reúnan as condicións de hixiene necesarias para garantir a seguridade alimentaria dos produtos aviveirados.

9º. Con carácter xeral non estará permitido o almacenamento para o aviveiramento e a venda dalgunha das especies indicadas nesta resolución durante un mesmo día, de tal forma que manterían un carácter excluínte. Non obstante, no caso de producirse unha venda parcial dunha especie, cuxa parte restante se destina ao almacenamento para aviveiramento, ambas cantidades non poderán exceder dos topes establecidos para esa especie.

10º. O conxunto das operacións relacionadas coa actividade do aviveiramento estarán suxeitas ao cumprimento na normativa vixente en materia de pesca, marisqueo, primeira venda e comercialización.

TERCEIRO: Documento de declaración de capturas non desembarcadas

O documento de declaración de capturas non desembarcadas, que estará dispoñible na aplicación específicamente deseñada pola Consellería do Mar, gardará a seguinte información mínima:

- a. Data de emisión do documento, correspondente ao día de regreso a porto ao finalizar unha marea.
- b. Lugar de almacenamento: nome do porto ou da zona de fondeo e coordenadas xeográficas.
- c. Identificación da embarcación: nome, lista matrícula e folio, número de Permex e número de rexistro comunitario.

- d. Identificación do/a armador/a ou patrón/patroa: nome e NIF.
- e. Identificación das especies almacenadas: zona de captura, especie e cantidade.
- f. Data da extracción e o código do documento.

CUARTO

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro do Mar, no prazo dun mes contado dende o día seguinte a súa notificación, de acordo co sinalado nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.